



A Concellería de Igualdade abre o prazo de inscrición para participar no seguinte obradoiro:

OBRADOIRO DE AUTOPROTECCIÓN PARA MULLERES

Dirixido a mulleres maiores de 18 anos empadroadas en Vigo, agás alumnas derivadas polo *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.

Obxectivos e contidos:

O obxectivo deste obradoiro é proporcionarlles ás asistentes uns coñecementos e habilidades básicas de autoprotección que lles permitan mellorar a súa seguridade persoal e ter un plan de seguridade con medidas que lles axuden a previr a agresión, ou, senón fose posible, saír dela con máis garantías. Estes coñecementos están pensados para que poidan ser de utilidade ante calquera imprevisto de carácter violento que poida acontecerlles na súa vida particular.

No transcurso das sesións formativas as alumnas aprenderán a identificar situacións de risco, a estar alerta ante tentativas de agresión, e aprenderán e practicarán habilidades, técnicas e recursos para a súa protección e defensa... Esta formación permitiralles mellorar a súa capacidade de reacción, a súa autoestima e a súa confianza persoal.

As sesións serán impartidas por instrutores da Policía Local. Lugar: instalacións da Policía Local.

Datas: 8 sesións. 16 horas.

Abril: martes 14, xoves 16, luns 20, mércores 22, venres 24, martes 28 e xoves 30.

Maiο: luns 4.

Horario: 16:30 a 18:30 h

Prazo e requisitos para a inscrición:

As prazas son limitadas e cubriranse por orde de inscrición, tendo preferencia as mulleres usuarias e derivadas polo *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*.

Non é necesario ter unhas condicións físicas determinadas nin coñecementos previos sobre ningún tipo de arte marcial. A formación desenvolverase de tal xeito que todas as alumnas poidan realizar satisfactoriamente a actividade.

Remítase a folla de inscrición cuberta e asinada **preferentemente** ao seguinte enderezo electrónico: ofi.muller@vigo.org. Só nos casos nos que non se poida realizar a inscrición vía email poderá realizarse persoalmente na Concellería de Igualdade, (1ª andar da Casa do Concello), de luns a venres en horario de 9:00 a 13:30 h.

Para máis información e descargar a folla de inscrición en formato editable consultar a paxina www.igualdadevigo.org

Prazo: a partir do xoves 12 de marzo de 2020, e ata cubrir as prazas.

O persoal da administración local do concello non poderá participar nesta formación.

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

CONCELLO
DE VIGO



Protección de datos: os datos que vostede facilite incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación. A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento das persoas interesadas. O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, logo do consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase á dpd.vigo@vigo.org

Así mesmo as persoas usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.